

MOCIÓN DE AER SOBRE O COBRO DO IBI Á IGREXA CATÓLICA

PLENO 29 SETEMBRO 2013. ACTA 9/2013

Vista a moción presentada polo grupo municipal AER, que transcrita di: “No pleno ordinario de Abril do 2012 aprobouse unha moción de EU presentada por AER sobre o IBI da Igrexa Católica. O punto 2 do acordo dicía así:

Que se faga un censo, neste municipio, dos bens inmobles rústicos e urbanos que están censados e rexistrados a nome da igrexa Católica e doutras confesións relixiosas, así como das súas entidades e asociacións afíns.

Despois de 10 meses, supoñemos que este censo xa debe estar elaborado. O acordo entre o Estado Español e a Santa Sé, no seu Artigo IV, recolle que só están exentos de IBI:

- 1) Los templos y capillas destinados al culto, y asimismo, sus dependencias o edificios y locales anejos destinados a la actividad pastoral.
- 2) La residencia de los Obispos, de los Canónigos y de los Sacerdotes con Cura de almas.
- 3) Los locales destinados a oficinas, la Curia Diocesana y a oficinas parroquiales.
- 4) Los seminarios destinados a la formación del Clero Diocesano y Religioso y las Universidades eclesiásticas en tanto en cuanto impartan enseñanzas propias de disciplinas eclesiásticas.

Los edificios destinados primordialmente a casas o conventos de las Órdenes, Congregaciones Religiosas e Institutos de Vida Consagrada.

Somos coñecedores de que a Igrexa Católica neste concello non paga IBI por ningunha da súas propiedades, o cal, á parte de ser inxusto, non se axusta á lei.

Por todo o anteriormente exposto, propoñemos ao pleno do Concello de Redondela o seguinte acordo:

Que o Concello de Redondela comece cobrar o IBI das propiedades da Igrexa Católica que non están recollidas nas exencións do acordo asinado en 1979 entre o Estado Español e a Santa Sé.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) aprobou, nos seus propios termos, a moción nos antecedentes transcrita.